Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 27 Agosto 2015 10:34

Xogadores, adestradores e directivos da Agrupación Deportiva Vincios de Tenis Mesa recibiron o súa cota de auga xeada, para así cumprir co reto que acompaña os donativos á campaña d e apoio á investigación da Esclerosis Lateral Amiotrófica (ELA).

Nas instalacións do IES Terra de Turonio, o pasado martes fixeron público o seu apoio con esta campaña que percorre o territorio en apoio á Fundación Española para el Fomento de la Investigación de la Esclerosis Lateral Amiotrófica (FUNDELA) .

Antes do "baño xeado", o presidente da AD Vincios, Vicente Pintos, animou a outras institucións deportivas a aceptar o reto e nomeou explicitamente ao **Oroso Tenis Mesa** (Oroso – A Coruña),
Tenis Mesa Ponte Porreiro
(Pontevedra),
Club Narón Tenis Mesa
(Narón – A Coruña) e o
Club Ala Nun'Álvarez de Gondomar Tennis Team
(Gondomar-Portugal).